



Plan de Desenvolvemento Europeo

IES *XESÚS TABOADA CHIVITE*

<https://www.iesxesustaboadachivite.org>



ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN	3
2. DETECCIÓN DE NECESIDADES	6
3. INTERNACIONALIZACIÓN	7
4. ACTIVIDADES	8
5. OBXECTIVOS	10
6. DIFUSIÓN	11
7. SOSTIBILIDADE	11

1. Contextualización

O IES *Xesús Taboada Chivite* é un centro de ensinanza secundaria situado no concello de Verín.

O Concello

Verín é un municipio de 91.8 km² considerado zona semirural na provincia de Ourense. Igual que ocorre noutras comarcas do interior de Galicia, a comarca está definida por un descenso paulatino da poboación en cada unha das 18 entidades de poboación, agrupadas en 15 parroquias, que conforman o término municipal.

A renda comarcal é inferior á media provincial e os indicadores estruturais económicos veñen definidos por unha escasa cualificación dos recursos humanos, un desemprego en auge, desregularización do mercado de traballo principalmente no sector primario e un grande envellecemento da poboación.

O centro

Aínda que o noso centro comezou a súa andadura no curso 1975-6 con 113 alumnos repartidos en instalacións provisionais, non é ata o 1977-78 cando se inaugura oficialmente. Ó longo dos anos o centro foi aumentando paulatinamente a súa matrícula, realizando reformas e creando aulas onde antes non existían. Actualmente conta cuns 500 alumnos dos cales un 15% pertencen a minorías étnicas (10%) e inmigrantes (5%).

As etapas educativas que se desenvolven no noso centro inclúen toda a Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º de ESO), os Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR) en 2º e en 3º eos dous cursos do bacharelato (1º y 2º). Tamén se imparte a modalidade de inglés a distancia, *That's English!* da Escola Oficial de Idiomas. Dende o curso 2015-16 o IES *Xesús Taboada Chivite* incorpora o ensino bilingüe en inglés con varias seccións nas materias de oratoria (2º ESO) e Física e Química (3º ESO).

Dende o presente curso e aproveitando a inercia de cursos pasados, estamos baixo unha liña de traballo na que mediante accións colaborativas, interdisciplinares e de coeducación pretendemos que o noso instituto sexa un espazo de inclusión na que teña cabida toda a diversidade de alumnado co que contamos, vista a mesma coma unha fortaleza e nunca coma unha debilidade, e por outro lado, facer partícipe ao maior número de alumnado en diferentes proxectos ou programas coa intención de mellorar certas competencias creando sensibilización ou mediante unha aprendizaxe e servizo á comunidade como poden ser as competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.

Así podemos destacar os seguintes programas ou proxectos:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia baixo a liña de alumnado voluntariado.
- Dous Plan Proxecta de Innovación Educativa cuxas temáticas están presentes na nosa contorna:
 - a) Proxecta “apúntate ao non beber.” Unha investigación recente da USC en colaboración coa área de Investigación e Innovación do Complexo Hospitalario de Ourense sinalou a Verín coma a localidade co maior número de mozos que beben con maior intensidade e son habituais no

consumo intensivo de alcohol, tamén chamado “binge drinking”, situando nun 61% os menores de Verín que beben alcol de forma intensa.

- b) Proxecta “monte vivo”, creando conciencia no alumnado dado que a comarca de Verín é unha das máis castigadas polos incendios forestais, xa que pertence a un distrito forestal de alto risco (distrito XIV Verín-Viana).
- Contratos-programa. Coa financiación do Fondo Social Europeo temos concedidos os seguintes programas:
 - a) Programa IGÚALA-T, co que mediante a colaboración do profesorado titor de 4º ESO e a implicación da Biblioteca e Equipo de Dinamización da Lingua Galega se desenvolven unha multitude de actividades en prol da igualdade entre homes e mulleres, máis nunha comarca na que debido a súa idiosincrasia, esta temática é moi necesaria.
 - b) Programa PREMAT, co que se reforza a competencia matemática a alumnado de 3º e 4º ESO baixo una modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo.
 - c) Programa ARCO (Apoio, reforzo de competencias e orientación), co que fomos seleccionados para dúas liñas, 1º e 4º ESO, coa finalidade de dar apoio dentro da aula ordinaria a alumnado con dificultades de aprendizaxe co obxecto de favorecer a súa participación no grupo-clase e a consecución do máximo desenvolvemento emocional, intelectual, social e profesional ao través de metodoloxías activas e participativas e a aplicación de medidas organizativas.
- Dende o curso 2016-17 desenvolvemos o programa de Tutoría Entre Iguais (TEI), un programa de carácter institucional no que se desenvolve unha labor do fomento da convivencia, a prevención da violencia e o acoso escolar. Sendo o primeiro centro da provincia de Ourense en acollelo, formamos parte dunha estrutura que está implementada en centros de España, Europa e América cun alcance de 1400000 alumnos e alumnas, 40000 docentes e 1300 centros educativos.

Recursos humanos.

TIPOLOXÍA	DEPARTAMENTO / SECCIÓN	CANTIDADE
Profesores	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4
	DEBUXO	2
	ECONOMÍA	1
	EDUCACIÓN FÍSICA	3
	FILOSOFÍA	2
	FÍSICA E QUÍMICA	3
	FRANCÉS	2
	LINGUA GALEGA	5
	LINGUA ESPAÑOLA	4
	GREGO	1
	INGLÉS	5
	LATÍN	1
	MATEMÁTICAS	5
	MÚSICA	2
	RELIXIÓN CATÓLICA	1
	RELIXIÓN EVANXÉLICA	1
	TECNOLOXÍA	3
	XEOGRAFÍA E HISTORIA	4
	ORIENTACIÓN	4
TOTAL PROFESORES	53	
Persoal subalterno	Conserxería	2

Persoal administrativo	Secretaria	1
Persoal servizo limpeza	Servizo de limpeza	4
TOTAL PERSOAL CENTRO	60	

Sinais de identidade.

No que respecta á nosa definición institucional pódese dicir que o IES *Xesús Taboada Chivite* está aberto a todo o alumnado que cumpra os requisitos académicos establecidos por lei, independentemente da súa raza, sexo ou crenza relixiosa.

Maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crezas. Ademais defendemos o pluralismo ideolóxico, político e lingüístico e pola renuncia a todo tipo de adoutramento sectario.

O ensino aquí impartido é público e gratuito e propomos unha xestión de centro democrática e participativa na que as familias, profesorado, alumnado e persoal non docente colaboran de forma real e efectiva na vida e funcionamento do centro, respectando en todo momento as leis e as normas aprobadas.

Desta forma queremos que a educación contribúa a formar cidadáns que participen libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais da comunidade humana na que lles corresponda vivir nun futuro próximo.

O noso centro réxese por unhas normas de organización e funcionamento orientadas a potenciar a actividade docente no marco dunhas normas de organización e convivencia responsables.

O centro está organizado en torno a unha serie de órganos de goberno: unipersonais formados polo Director, Vicedirectora, Secretario e Xefe de Estudos; e colexiados constituídos polo Consello Escolar, o Claustro e o Equipo Directivo.

Ademais destes, os órganos de coordinación docente están formados por:

1. Departamento de Orientación
2. Departamentos Didácticos
3. Departamentode Actividades Complementarias e Extraescolares
4. Comisión de Coordinación Pedagóxica
5. Tutorías
6. Xunta de Profesores de Grupo
7. Equipo de Dinamización da Lingua Galega
8. Coordinador de Formación do Profesorado
9. Equipo de Coordinación da Biblioteca
10. Coordinador de Medios Informáticos e audiovisuais de uso xeral

11. Comisión de Biblioteca

12. Comisión de Convivencia Escolar

2. DETECCIÓN DE NECESIDADES

Creemos que o noso centro é un escaparate real do que é o contexto no que estamos ubicados: un entorno semi-rural, cun alumnado heteroxéneo e que loita por integrar as minorías a través de todos os recursos o seu alcance.

Analizando a **diversidade do noso alumnado** anteriormente descrita (un 10% de alumnado de etnia xitana, e alumnado de diferentes nacionalidades (Portugal, Brasil, Honduras, Panamá, Colombia, Paraguay, Bulgaria, Guinea, Marrocos...)) temos que dicir que esta diversidade levada ao aspecto académico da unhas cifras de fracaso escolar elevadas, segundo os parámetros que manexa a Unión Europea.

Ademais temos que salientar o **ambiente pouco inclusivo** no proceso de escolarización e favorecedor do abandono escolar nas minorías étnicas, en inmigrantes e en familias en risco de exclusión social. En termos xerais o alumnado que non chega a 4º ESO sitúase arredor dun 23%.

A esta diversidade cultural debemos tamén sumar a **diversidade de capacidades** do noso alumnado. Traballamos cun elevado número de alumnos con necesidades de apoio educativo integrados nas aulas e con atención específica nalgunhas materias. Outros colectivos son atendidos con grupos de desdobre e de reforzo; nos casos posibles desdobramos as materias de Inglés e algunhas científicas como Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía, para así poder dar unha atención específica en conversación e laboratorio, respectivamente.

Non só estamos preocupados pola situación interna do centro, senón que tamén somos conscientes de que a vida fóra do mesmo é un factor crucial a ter en conta nas relacións intracentro. Ao ser Verín unha poboación na que o ocio está asociado ao consumo de alcol atopámonos, segundo a Universidade de Santiago de Compostela, con que o 61% dos menores de Verín beben alcol de forma intensa. Se a isto lle engadimos que Verín é una poboación fronteiriza na que hai un elevado nivel de prostitución, vemos que é o caldo de cultivo perfecto para que haxa unha elevada **violencia de xénero e desigualdade homomuller**.

A estas **debilidades do contexto** temos que engadirle outras coma a **escasa colaboración e participación das familias na vida do centro** (a ANPA so conta con vinte socios); **pouca participación da comunidade educativa** xa que a presenza do alumnado en actividades externas que promove o Concello e escasa e tamén **pouco impulso por parte dos docentes** para a participación nas mesmas; **abandono das administracións locais ao Consello Escolar** e tamén **pouca oferta cultural/deportiva** para o tramo de idade do noso alumnado.

Por tanto, as nosas **necesidades** son:

- 1) Diminución das elevadas cifras de fracaso escolar na ESO.
- 2) Fomento dunha escola inclusiva, potenciando a equidade e igualdade de xénero e de oportunidades, así como a unidade social e a cultura europea.
- 3) Mellora competencial do noso profesorado nas novas metodoloxías aplicadas na aula: gamificación, aula do futuro, deseño universal de aprendizaxe (UDL), fomento das materias STEAM, aprendizaxe baseada en proxectos (PBL), ensino baseado na coeducación, aprendizaxe e servizo, etc.
- 4) Aumento da dimensión europea do noso centro nunha dobre vertente: intercambio de experiencias entre profesorado de diversos países e conxunción das diferentes nacionalidades presentes no noso centro.

Pese a estas necesidades o centro tamén conta cunha serie de **fortalezas do contexto** como pode ser o apoio das familias e da ANPA nas iniciativas promovidas polo centro, a cooperación con asociacións e institucións públicas xa que hai unha excelente relación co Concello e as institucións dependentes del; o enriquecemento lingüístico por ser Verín un concello limítrofe con Portugal e o recoñecemento do traballo que se fai por parte das Administracións e a Inspección Educativa.

Analizando as nosas fortalezas e debilidades consideramos que os **obxectivos** que debemos marcarnos a longo prazo son:

- a) **Fomentar a igualdade de oportunidades** a través da **escola inclusiva**, incorporando pedagogías innovadoras como a aprendizaxe baseada en proxectos, a metodoloxía STEAM, a gamificación... que axuden a diminuír o fracaso escolar, a violencia de xénero e a desigualdade home-muller.
- b) Abrir o noso centro á **modernización e globalización da educación**.
- c) **Concienciar ó profesorado das vantaxes e beneficios** de saír profesionalmente ó estranxeiro a ampliar horizontes.
- d) Desenvolver na nosa comunidade educativa **conciencia europea e necesidade de apertura e internacionalización**
- e) **Potenciar a interculturalidade e o plurilingüismo**.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

Unha vez definidos os obxectivos do noso Plan de Desenvolvemento Europeo, imos ver a forma como a internacionalización pode axudar á consecución dos mesmos, tendo en conta os dous colectivos aos que van dirixidos os programas.

A participación dos **docentes**:

- Vai mellorar o seu coñecemento de outros sistemas educativos que poderán confrontar co propio e que lles proporcionará unha nova perspectiva.
- Mellorará a súa competencia en linguas estranxeiras.

- Coñecerán e poderán poñer en práctica novas metodoloxías didácticas como a metodoloxía STEM, o Aprendizaxe integrado de contidos e linguas estranxeiras (AICLE) a gamificación, e uso das TICs na aula, que redundarán na motivación do alumnado e axudarán a diminuír o fracaso escolar e o abandono temperán.
- Axudaranos a establecer unha rede de escolas asociadas para cooperar en programas europeos, intercambiar actividades de observación no posto de traballo e o intercambio de experiencias e boas practicas.

A participación do **alumnado**:

- Axudará ao desenvolvemento das súas capacidades e competencias no contexto dos valores europeos xa que, ao entrar en contacto con outras realidades culturais, terán a oportunidade de ser máis conscientes da súa propia identidade cultural e o valor que ten e aprenderán a apreciar e respectar as diferentes costumes e opinións.
- Mellorará a súa competencia en linguas estranxeiras e motivaraos para participar nas seccións bilingües.
- Daralles a posibilidade de viaxar, sobre todo aos alumnos con menos recursos económicos que se poderán beneficiar das axudas europeas á mobilidade.

Esperamos que todo isto contribúa a facer unha escola máis inclusiva e igualitaria na que se fomente a interculturalidade e o plurilingüismo.

4. ACTIVIDADES

No camiño á internacionalización imos distinguir, por un lado, as actividades que se implementaron anteriormente e por outro, as que levamos e levaremos a cabo:

O NOSO PASADO

- **COMENIUS:** O centro ten experiencia neste eido xa que no ano 2011 o Centro desenvolveu unha asociación estratéxica multilateral con Italia e Dinamarca: “Young students in Europe” para o bienio 2011-13.
- **ETWINNING:** Formamos parte de Etwinning dende o ano 2010.
- **INMERSIÓN LINGÜÍSTICA: VIAXE A EXMOUTH** co alumnado de 1º, 2 4 ESO e 1º de bacharelato no 2019.
- **PIALE:** Programa Integral de Aprendizaxe das Linguas Estranxeiras: Profesorado do noso centro participou en varias ocasións neste programa formándose en diferentes países como Francia ou Canadá.
- **AUXILIARES DE CONVERSA:** O centro tivo en 2 ocasións (2015 e 2019) profesorado nativo de fala inglesa para enriquecer as clases do departamento de Inglés e as Seccións Bilingües do centro.

- SECCIÓNS BILINGÜES: O centro ten Sección Bilingües (inglés) en 2 materias da ESO (Oratoria e Física e Química), sendo esta iniciativa moi valorada polo alumnado e polas súas familias.
- ENCONTRO LUSO-GALAICO: Desde o curso 2006-2007 temos un irmandamento co Liceo Fernão de Magalhães de Chaves (Portugal) a través de encontros luso-galaicos onde cada ano un dos centros é o anfitrión, creando unha actividade de convivencia entre o alumnado de ambos centros

O NOSO PRESENTE E FUTURO

- PROXECTO KA 229: Formamos parte deste proxecto Erasmus+ conxuntamente con outros 4 países: Italia, Finlandia, Portugal e Hungría. Este proxecto KA229 leva por título "Sharin4caring", ten 2 cursos escolares de duración, comezando no actual curso escolar 2019-2020.
- PROXECTO KA101: Solicitado no mes de Febreiro coa intención de enriquecer o noso quefacer pedagóxico e de internacionalizarnos a través das 2 seguintes modalidades que ofrece:
 - -Cursos estruturados de formación.
 - -Estancia de observación nunha institución educativa (*job shadowing*).
- PFPP: PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO. Este curso escolar 2019/2020 o centro solicitou este PFPP: Erasmus+ e a internacionalización do centro no que participa unha gran porcentaxe do Claustro de profesores/as.
- CURSO: ERASMUS+ SOSTIBILIDADE E IMPACTO NO CENTRO. No curso 2019/2020 realizouse no centro esta formación para dotarnos de ferramentas e para motivar ao profesorado cara estas oportunidades de enriquecemento e de apertura profesional.
- ENCONTRO LUSO-GALAICO: Continuar con estes encontros co alumnado do Liceo Fernão de Magalhães de Chaves (Portugal) sendo nós este curso escolar o centro anfitrión.
- ESCOLA EMBAIXADORA DO PARLAMENTO EUROPEO: Durante este curso consideramos a posibilidade de formar parte desta rede de Escolas que poden enriquecer ao noso alumnado.
- CONMEMORACIÓNS: celebrar no centro o Día de Europa (9 de Maio), o día da creación da Unión Europea (1de Novembro/1993),...
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DOS DEPARTAMENTOS DE LINGUAS ESTRANXEIRAS: Cada ano aumentan as viaxes e/ou actividades que se realizan en países estranxeiros.
 - O Departamento de Portugués viaxou co alumnado de Bacharelato a O Porto (Portugal).
 - O Departamento de Francés viaxará a París co alumnado de 3º ESO.
- DINAMIZACIÓN DE INTERCAMBIOS ou INMERSIÓN LINGÜÍSTICA: O centro dinamizará as oportunidades ou convocatorias ás que o alumnado poida participar. Por exemplo:
 - BECAS EUROPA
 - BECAS AMANCIO ORTEGA
 - UWC: Colegios del Mundo Unido
 - BECAS iEduex (Internation Education Exchange)
 - AXUDASLE (Orde do 10 de febreiro do 2020)

- **CURSOS CALC:** O profesorado do centro participa ano tras ano nos cursos de actualización da competencia lingüística que oferta o CFR e o CAFI para mellorar o nivel en lingua estranxeira, habendo no centro profesorado que posúe as titulacións de B-2, C-1 e incluso C-2.
- **ERASMUS+ CORNER:** No centro temos un recuncho creado para difundir e promover as actividades que realicemos dentro destes proxectos ou outros que poidan xurdir. Será un rincón activo e dinámico que se adaptará á situación de cada curso escolar.
- **ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN:** Tras formar parte dalgunha actividade de internacionalización do centro, o Claustro comprométese a difundir a súa experiencia a través das novas tecnoloxías pero tamen a través de exposicións para o resto do profesorado, así como para o alumnado que se considere oportuno.
- **PLAN PROXECTA:** Solicitar para o seguinte curso o Proxecto “Cooperación Galega: o mundo que queremos” en relación coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
- **OUTRAS ACTIVIDADES:** Actualmente o centro valora a importancia de viaxar ao estranxeiro para fomar en valores, en habilidades sociais e para perfeccionar o coñecemento do idioma. Este curso temos varias iniciativas: Viaxe a Westgate-on-Sea (England) para o alumnado de ESO ou Viaxe de fin de curso a Malta co alumnado de 4º ESO.

5. OBXECTIVOS

Existen unha serie de obxectivos que complementan aos anteriormente descritos cando analizamos as nosas fortalezas e debilidades e que quedan resumidos do seguinte xeito:

1. Focalizar o noso punto de partida na **diversidade do noso alumnado**, tanto a nivel cultural como de capacidades.
2. Diminuír a porcentaxe de **absentismo escolar**.
3. Reducir as elevadas cifras de **fracaso escolar na ESO**.
4. Fomentar una **escola inclusiva** que facilite a **igualdade de oportunidades**.
5. Mellorar as **competencias curriculares en linguas estranxeiras**.
6. Promover entre o **profesorado** a necesidade de **ampliar horizontes con saídas profesionais ao estranxeiro**.
7. **Observar outras prácticas educativas** de organización e xestión.
8. **Internacionalización** do noso centro.
9. Potenciar a **interculturalidade e o plurilingüismo**.

Outros obxectivos

- Prestixio social do centro que se vexa reflexado nun aumento na permanencia no centro do profesorado e aumento de alumnado.
- Instaurar no centro unha cultura colaborativa.
- Normalizar a participación en proxectos a nivel europeo.
- Posibilitar ao profesorado capacitación lingüística, pero tamén, encontros con profesionais e intercambio de experiencias e ideas.

- Visibilizar a contorna e a empoderación do noso patrimonio.
- Ofrecer ao profesorado posibilidade de desenvolvemento profesional.

6. DIFUSIÓN

Consideramos que a difusión das actividades realizadas e os seus resultados, sobre todo entre o conxunto de toda a comunidade da que forma parte o centro, constitúe unha parte esencial do proceso de internacionalización, mellora da calidade, excelencia e perfeccionamento que se persegue con este proxecto. Neste sentido, daremos a coñecer as vivencias e aprendizaxes realizados por medio de diversas canles, buscando sempre acadar a maior divulgación.

- En reunións de distinto tipo que se celebren no noso Centro, como Claustros, CCPs ou Consellos Escolares entre outras.
- Mediante notas informativas, informes, avisos, fotografías, vídeos, etc. que poderemos incluír en distintos espazos informativos existentes no noso centro (incluído o Recuncho do ERASMUS+) ou noutros que se poidan habilitar ao efecto.
- Mediante os documentos do centro, nos que se incluírán as innovacións máis útiles: Plan de convivencia, Plan de acción tutorial, Plan de igualdade, Programacións didácticas...
- Mediante presentacións noutros centros (CEIP, IES, CPR) da comarca.
- Mediante relatorios a remitir ao CFR para compartir a nosa experiencia.
- Mediante folletos e carteis de elaboración propia que repartiremos polo centro e pola contorna, en especial en Asociacións coas que xa traballamos (Cruz Vermella, FEMURO, CIM, Portas Abertas, Protección Civil...) ou que consideremos que poden ser de interese.
- Mediante publicacións na web, os blogs e as redes sociais do Centro, incluíndo a creación de espazos específicos nas mesmas.
- Mediante artigos, informacións e avisos a incluír, programas monográficos e entrevistas nos medios de comunicación producidos e realizados dende o propio Centro: a revista Faíscas (revista gráfica en papel) e Radio Chivite (radio por Internet).
- Mediante comunicados e/ou entrevistas na Radio de Verín.
- Mediante comunicados e/ou entrevistas con xornais provinciais e comarcais.
- Mediante a redacción dun informe para a súa entrega ao inspector de educación da nosa zona.
- Mediante entrevistas co Alcalde e/ou Edís correspondentes da corporación municipal e a redacción e entrega de informes correspondentes.

7. SOSTIBILIDADE

O proxecto europeizador que estamos xestionando ten como obxectivo fundamental a internacionalización do centro, considerando como tal, tanto a proxección que podemos ter no noso entorno profesional e social, como o enriquecemento que toda a sociedade educativa verinesa vai experimentar a través do mesmo.

É por iso que o noso devagar ao longo do proxecto irá conducíndonos progresivamente a manter o proxecto europeo como o eixe básico da pedagogía do noso instituto. Os intercambios internacionais con outros docentes, as inmersións dos nosos alumnos con familias e alumnos doutros países, as

experiencias obtidas nas viaxes ao estranxeiro (mobilidades), a participación en proxectos como os Erasmus KA 229, KA101, Etwinning, Escolas embaixadoras, etc aportarán os elementos fundamentais nos que queremos apoiar a nosa mellora.

As actividades ligadas ao intercambio cultural, non só as establecidas con outros países europeos se non tamén as creadas para aproveitar a riqueza cultural de todos os nosos alumnos de diferentes orixes, serán unha máxima no funcionamento habitual do centro, no que todos os departamentos didácticos xunto cos profesores se verán implicados.

O noso proxecto aspira ademais a xerar unha serie de produtos que nacen coa idea da continuidade no tempo:

- a) Mobilidades: participación en proxectos de mobilidade KA101 e tamén converternos en receptores de profesorado europeo.
- b) Afianzar o actual proxecto KA229 para que contribúa e intensifique a rede de contactos internacionais xerados.
- c) Creación dun departamento de programas internacionais que avaliará e xestionará os proxectos europeos. A avaliación será **continua**, facendo un seguemento e control durante as mobilidades en cada unha das súas fases empregando criterios de avaliación obxectivos e cuantificables (cuestionarios, sistemas de indicadores...) entre outros, e tamén **sumativa**, permitindo a verificación do logro dos obxectivos propostos.
- d) Xerar publicacións en torno a nosa experiencia ademais de participar en cursos e facer visitas a outros centros.

O departamento de programas internacionais avaliará ó final de cada curso académico a consecución dos obxectivos propostos na programación ao inicio de curso e que será plasmada nunha memoria final.